



BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE CARTEIS PARA O ENTROIDO DO CONCELLO DE BARBADÁS 2022

Con motivo da celebración do Entroido 2022 a Concellería de Cultura do Concello de Barbadás convoca un concurso de carteis, con arranxo ás seguintes bases:

1.- O obxecto das presentes bases é seleccionar entre os traballos que participen o cartel do Entroido de Barbadás 2022.

2.- Poderá participar no concurso toda persoa física ou xurídica, cun só traballo por participante ou colectivo, sendo indispensable que as obras sexan orixinais.

3.- O formato único será vertical con tamaño 50x70 (non servirán formatos proporcionais). Presentaranse sobre un bastidor rixido. Non existirán límites de tintas nin técnicas. A obra deberá ser presentada con sistemas informáticos, achegarán ademais da reprodución a cor que reúna os requisitos sinalados, e o correspondente soporte magneto/óptico con todos os ficheiros necesarios para a obtención de fotolitos xunto coas fontes utilizadas, e nos seu caso, os orixinais das imaxes utilizadas.

4.- O cartel imprimirase en offset. O/A autor/a poderá indicar en Pantone as cores utilizadas.

5.- As obras levarán como único texto:

- Entroido Barbadás 2022

6.- O tema será de libre elección e interpretación do/da autor/a, debendo reflexar o sentimento do entroido de Barbadás en todas as súas facetas.

7.- Os traballos presentados terán como única identificación un lema, o incumprimento desta norma será motivo de descalificación. O lema presentarase escrito no exterior dun sobre pechado. No interior do sobre xuntarase unha fotocopia do DNI do autor/a e información artístico (de estímalo oportuno), enderezo actual e teléfono. Os sobres abriranse despois da decisión do xurado, os/as concursantes responsabilizaranse totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, e renuncian a calquera reclamación por dereitos de imaxe.

8.- A data límite para a presentación é o 26 de xaneiro de 2022. No caso de envíos por Correos ou por empresas de mensaxería, non se admitirán entregas a partir das 14:00 h. dese día. As obras entregaranse no



CONCELLO DE BARBADÁS

Concello de Barbadás, rúa Cimadevila nº1 32890 Barbadás; ou nas oficinas municipais, rúa do Viso nº2, 32002 A Valenzá – Barbadás.

9.- O Xurado encargado de seleccionar o cartel gañador estará conformado polos seguintes integrantes:

- Concelleira de Cultura (ou persoa na que delegue)
- Un/unha traballador/a da área de cultura
- Un/unha responsable de asociacións culturais do Concello de Barbadás

10.- As decisións do xurado serán inapelables e faranse públicas a través dos medios de comunicación e da páxina web do concello. De estimalo necesario, o xurado poderá propor que o concurso quede deserto. Todos/as os/as que concursen recibirán información por escrito dos acordos do xurado. O Concello de Barbadás corruxará os posibles erros dos textos que figuren nas obras e resérvase a facultade de incluír logotipos ou anagramas na composición definitiva do cartel.

11.- O premio consistirá na edición do cartel seleccionado e unha dotación económica de 500 euros. O cartel premiado será propiedade do Concello de Barbadás. Dita propiedade inclúe todos os dereitos correspondentes á súa reprodución, difusión e no seu caso transmisión. O Concello de Barbadás reservase todos os dereitos de propiedade material e uso do cartel e dos dintintos elementos que o conformen, xuntos ou por separado, así como a súa manipulación e adaptación para adecualo nos diferentes soportes publicitarios.

12.- Os traballos non premiados deberán ser retirados despois de 20 días de feito público o fallo do xurado. Se no prazo indicado non se retiraron, entenderase que os seus autores renuncian á súa propiedade en favor do Concello de Barbadás, quen poderá destruílos ou darlles o destino que considere máis oportuno.

A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A interpretación ou modificación, no caso de precisala, das presentes bases, é un dereito do Concello de Barbadás.

